

ENRIQUE VIDAL ABASCAL

INFLUENCIA DALGÚNS MATEMÁTICOS  
E UNIVERSITARIOS NO RENACEMENTO  
CULTURAL DE GALICIA



MMXXI

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





INFLUENCIA DALGÚNS MATEMÁTICOS  
E UNIVERSITARIOS NO RENACEMENTO  
CULTURAL DE GALICIA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
DA FACULTADE DE MATEMÁTICAS

INFLUENCIA DALGÚNS MATEMÁTICOS  
E UNIVERSITARIOS NO RENACEMENTO  
CULTURAL DE GALICIA

DISCURSO INAUGURAL  
LIDO NA SOLEMNE APERTURA  
DO CURSO ACADÉMICO 1973-1974  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por

ENRIQUE VIDAL ABASCAL

MMXI

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

**Edición orixinal**

*Influencia de algunos matemáticos y universitarios  
en el renacimiento cultural de Galicia.*

*Discurso inaugural leído en la solemne apertura  
del curso académico 1973-74*

(Separata del *Boletín de la Universidad Compostelana*),  
Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, 1973

**Traducido ao galego por**

Manuel Arca Castro

**Revisión lingüística de**

Manuel Bermúdez Blanco

**Revisión editorial de**

Xulián Iglesias Puime e Carlos de la Torre Arias

**Foto de cuberta**

Arquivo da Familia Vidal Abascal

**Deseño e maquetación**

Paula Cantero, Origami Estudio

**Edita**

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2021.1431>





Enrique Vidal Abascal, por Maside  
Arquivo da familia Vidal Abascal

## ÍNDICE

### LIMIAI

*Elena Vázquez Cendón*.....11

DISCURSO ..... 15

BIBLIOGRAFÍA ..... 55

### APÉNDICES

Apéndice I. *Relación estatística do número de alumnos na Sección Matemática e de teses de doutoramento en Matemáticas lidas desde 1969 en varias universidades* .....61

Apéndice II. *Publicacions do Departamento de Xeometría e Topoloxía*.....62

Apéndice III. *Carta de don Diego Sarmiento de Acuña ao Secretario don Andrés de Prada, en defensa dos galegos (1614)* .....66

Apéndice IV. *Nota biográfica e currículum vitae de don Ramón M. Aller Ulloa*...75



## LIMIAR

A edición en galego do presente discurso é un soño feito realidade grazas ao apoio do Servizo de Normalización Lingüística, do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC e á iniciativa da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas.

A proposta nace dun discurso bo e xeneroso, derivado da encomenda á Facultade de Matemáticas da lección de apertura do curso 1973-74, que recae no profesor Enrique Vidal Abascal. El confesa *desasosego* polo reto, esta é a primeira lección. Compartir dúbidas é moi científico; dúbidas que, neste caso, xorden da necesidade de determinar o asunto do discurso, analizando e avaliando a audiencia e o momento. O documento que presentamos evidencia que o mestre Vidal atinou co tema e sintonizou a frecuencia axeitada para conectar, non só cos presentes no acto senón con todas as persoas que hoxe nos achegamos ao texto case medio século despois.

Poderíamos ter pensado simplemente nunha reedición na mesma lingua na que foi presentado. O motivo de elixirmos o galego foi facer agromar unha parte do propio discurso. É o idioma que o autor identifica con Rosalía enfiada a trinta e cinco autores máis, incluíndo a Dieste, co que tamén comparte o coñecemento matemático. A loa que fai da creación da cátedra de galego na nosa Universidade, da que foi titular inicial Ricardo Carvalho Calero, salientando tamén o Instituto

da Lingua Galega, dirixido no contexto temporal do discurso por Constantino García, son algunhas das evidencias da súa aposta pola lingua galega que considera como «o mínimo tributo que os intelectuais podían render ás xentes humildes do agro galego, verdadeiras protagonistas e heroes da nosa historia». De certo que hoxe Vidal estimaría en moito a positiva deriva da USC ao elevar a feitos o expresado no noso Plan de Normalización Lingüística, con compromisos como a colección dos Clásicos do Pensamento Universal en galego e todas as actividades da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas.

Para facer a dobre ao galego do profesor Vidal poderíamos empregar o seu discurso de entrada na Real Academia de Galicia en 1971, titulado *A crise da universidade europea*, que foi respondido polo académico numerario, Ramón Otero Pedrayo, quen retratou a primeira impresión do mesmo de «transcendente e de lembradoira beleza». Tamén poderíamos acudir, de tela, á gravación da intervención coa que se dirixiu ao auditorio ao tomar posesión como o primeiro decano da Facultade de Matemáticas en xaneiro de 1978, na parte dedicada ao alumnado. Salientou que «a cultura galega ten unha estrutura reflexiva e a fai apta para as matemáticas».

A variable temporal é necesaria para entender e poñer en contexto o discurso do profesor Vidal Abascal, pero as ensinanzas que todas e todos podemos achar no mesmo danlle o valor de clásico e son as que o fan merecente de ser compartido de novo coa proxección pública que a rede permite. Podemos coñecer e admirar a *Influencia dalgúns matemáticos e universitarios no renacemento cultural de Galicia* pintada coa cor das palabras e a profundidade do rigor científico dun grande humanista. O mestre decide, acougando o desasosiego inicial, que as matemáticas e as persoas que as desenvolveron sexan parte, pero non o todo do discurso. Igual que no da entrada á RAG, amósase debedor do seu mestre don Ramón Aller Ulloa, e salienta a José Rodríguez, Domingo Fontán, Durán Loriga e Antonia Ferrín.

Para rematar, onte e hoxe: «Cómpre que os universitarios tomemos conciencia do seu papel para labrar o futuro de Galicia».

**Elena Vázquez Cendón**

Decana


Facultade de Matemáticas



DISCURSO







Enrique Vidal Abascal pronunciando a lección inaugural da solemne apertura do curso académico 1973-1974 da Universidade de Santiago de Compostela  
Arquivo da familia Vidal Abascal

Excelentísimo e magnífico señor reitor,  
Excelentísimos e ilustrísimos señores,  
Señores catedráticos e profesores,  
Señores alumnos,  
Señoras e señores:

Por quenda rotativa entre as diferentes facultades da Universidade e dentro de cada unha delas por rigorosa antigüidade, correspondeume a min o discurso de apertura do ano académico 1973-1974. É unha grande honra e unha gran responsabilidade ter a oportunidade de dirixirse a todos os claustrais e alumnos da Universidade de Santiago en tan solemne acto, mais debo confesar que o convite me encheu de desasosego, non só por temor a non acadar no meu modesto discurso a altura científica ou cultural requirida, senón incluso polas dúbidas que me asaltaron respecto á elección do tema.

Podería escoller, como moitos dos meus compañeiros que me precederon neste acto, un tema científico en relación coa especialidade de que son catedrático titular, mais dado o reducido número de cultivadores da xeometría diferencial, receo que un tema de carácter exclusivamente matemático poida non esperar o interese dun auditorio tan diverso. Tamén pensei na posibilidade de referirme á Sección Matemática da Facultade de Ciencias ou ao labor realizado conxuntamente por todos os compoñentes do departamento que dirixo. Sería esta unha oportunidade para poñer de manifesto que, cunha soa cátedra da Sección Matemática, a de

Astronomía, nada en 1944 para ligar á Universidade a D. Ramón M. Aller, conseguimos, tras un grande esforzo e moito tesón, non só crear a Sección Matemática, senón darlle un pulo tal que neste momento en número de alumnos, de teses lidas e de traballos publicados nas máis prestixiosas revistas internacionais está, sen dúbida, entre as tres máis importantes de España<sup>1</sup>; requiriu un arduo labor e unha longa espera conseguir que empezasen a saír licenciados en Matemáticas<sup>2</sup>. Isto naturalmente debeuse á sorte de encontrar a cooperación doutros catedráticos coa mesma fe e co mesmo entusiasmo e, centrándome no meu departamento, contar con colaboradores cunha vocación e dedicación excepcionais<sup>3</sup>.

Nos últimos cinco anos elaboráronse na Universidade de Santiago tantas teses de doutoramento en matemáticas como na Universidade de Madrid, e máis que nas universidades de Barcelona e Zaragoza, marca salientable tendo en conta que o número de prazas de profesores existentes é inferior á metade en Santiago ca nesoutras universidades, sen que se saiban determinar as causas, pois en Santiago o número de alumnos da Sección Matemática é superior ao de Barcelona ou Zaragoza, o que dá mostra do esforzo realizado e da capacidade científica dos alumnos galegos, que, se xa a demostraran nas facultades tradicionais de carácter científico como Medicina, Química e Farmacia, agora revalídano<sup>4</sup>.

Con todo, pareceume máis oportuno insistir neste tema ante a Facultade de Ciencias. Por outro lado, nestes momentos Galicia vive uns anos decisivos, polo que pensei na posibilidade de escoller un tema que subliñe como a Universidade tivo e ten un papel primordial no futuro desta rexión en todas as ordes. Non quixen desaproveitar esta ocasión de

---

<sup>1</sup> Nun apéndice indícase o número de alumnos da Sección Matemática e o número de teses lidas.

<sup>2</sup> A primeira promoción de licenciados en Matemáticas saíu en 1963.

<sup>3</sup> Feito senlleiro é dar cabida en Santiago ao I Coloquio Internacional de Matemáticas que houbo en España e a tres dos seis que tiveron lugar.

<sup>4</sup> No apéndice II ofrécense as publicacións do Departamento de Xeometría e Topoloxía.

lle ofrecer a Galicia, a miña patria espiritual, este modesto ensaio sobre a súa decadencia pasada, así como sobre a esperanza da súa grandeza e do porvir da Universidade<sup>5</sup>.

Na Idade Media, nos séculos que van do IX ao XIII, Galicia, co Camiño de Santiago, é o elemento integrador para crear España<sup>6</sup>, como defendeu nos seus estudos Américo Castro, quen di: «A España do século IX refíxose e puido subsistir grazas á crenza en Santiago, o que xace na cidade de Santiago de Compostela. Sen tal fermento de vida, a Península seguiría o destino do norte de África ou sería ocupada polos europeos do norte». Galicia, neses séculos, alén de intervir de maneira ostensible na historia de España, aspira a dirixir a súa política<sup>7</sup>. Abonda recordar como Santiago estivo a un tris de lle gañar a primacía da Igrexa española a Toledo. Di o profesor González López<sup>8</sup>: «Compostela baixo o goberno de Diego Peláez vivía en pleno renacemento e esplendor. Semellaba que se ían converter en realidade os seus soños de ser a Igrexa apostólica das Españas». Con todo, a partir do século XIV,

---

<sup>5</sup> «A historia», escribiu Américo Castro, «consiste no que subsiste e segue animando o impulso ascendente da nosa vida». (Véxase: «Juan Marichal», *Sistema*, páx. 66, xaneiro de 1973).

<sup>6</sup> O interesante estudo «Galicia al filo del año mil», que lle debemos a M. Rubén García Álvarez (*Compostellanum II. Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, páx. 425, 1971), dá noticia dos reis galegos Vermudo II e do seu fillo Afonso V; o primeiro foi coroado en Santiago e o segundo sucedeu a seu pai cando tiña cinco anos. A rexencia foille confiada ao magnate galego Menendo González que, ata a súa morte en 1008, foi o árbitro da monarquía leonesa.

<sup>7</sup> «O restablecemento da sede metropolitana toledana e a súa elevación a primada das Españas foi un duro golpe para Compostela que, polo seu carácter apostólico, aspiraba a estender o seu apostolado a toda España». E. González López, *Decadencia y Grandeza del Reino de Galicia*, páx. 97; tamén Vicente Risco di en *Historia de Galicia*, páx. 85 (Vigo, 1962) que ao ser recoñecida a sede de Toledo como metropolitana «Compostela perdeu os seus privilexios de sé apostólica, de convocar concilios e de nomear bispos de afastadas provincias».

<sup>8</sup> González López, *op. cit.* páx. 175.

Galicia decae e apágase. A súa prostración perdura durante séculos ata extremos humillantes, coma o de estar representada por Zamora nas Cortes Castelás, deica os séculos XVIII e XIX, nos que, especialmente co Romanticismo, adquire novamente consciencia da súa personalidade e da importancia da súa cultura. Pouco e pouco, grazas a unha pléiade de escritores, políticos e profesores egrexios, marca o vieiro do renacemento galego ao encomezar este século. Porén, aínda se deixa sentir a transcendencia deses anos de depresión histórica para a vida desta rexión; *galego* pasou a ser un insulto en Castela, aínda que, como veremos, non só a causa desa depresión cultural. A economía de Galicia aínda non foi proxectada eficazmente, as estruturas agrarias seguen sendo as da Idade Media, a emigración segue representando unha dolorosa sangría que leva a que no campo queden só os vellos e a que se deteña o crecemento da poboación dunha maneira alarmante, pero a máis grave secuela desta depresión histórica é o complexo de inferioridade que reflicte boa parte da burguesía galega, complexo que talvez alcance algunha das nosas institucións<sup>9</sup>.

Aínda Galicia atravesamos unha dramática epopea nos nosos días. Só en América do Sur viven un millón trescentos mil galegos; deles, catrocentos mil en Buenos Aires e case medio millón en Europa. Lugo, que en 1940 tiña 512.735 habitantes, de alí a vinte anos, en 1960, sumaba 470.539; a provincia de Ourense, que en 1950 contaba con 467.903 habitantes baixou de alí a dez anos, en 1960, aos 451.474. Di sobre isto Moure Mariño<sup>10</sup>: «É obvio que este brutal empobrecemento demográfico ten o seu máis pálido reflexo nesas cifras de poboación decrecente; o verdadeiramente grave é que aquí permaneceu unha xeración de vellos

---

<sup>9</sup> No III Plan de Desenvolvemento proxectábase unha Escola Superior de Arquitectura na Coruña, medida atinada pero insuficiente, en canto ás necesidades de centros de ensino técnicos superiores. Esta escola foi creada hai dous meses. Cómpre un estudo serio e eficaz de todos os centros superiores de ensino que precisa Galicia.

<sup>10</sup> *La Voz de Galicia*; «El escarnio secular», 31 de decembro de 1972.

ou de doentes. As aldeas fecharon, as casas esboróanse en ruínas, os eidos poboados de codesos ou de toxos quedaron ermos... Os homes novos, capaces de traballar e de producir, marcharon para traballar ás “súas” fábricas, e as fábricas de Galicia, das que aquí estamos a vivir, encóntranse da outra beira dos Pireneos: en Suíza, en Holanda, en Alemaña, en Bélxica ou en Suecia...»<sup>11</sup>.

É pois urxente, perentorio, mirarmos ao noso redor para nos decaitar do drama en que viven as xentes que temos preto de nós, de quen percibimos angustia, saloucos, ansias e preocupacións.

Durante os séculos XIV a XVIII, Galicia decae ao desaparecen as correntes literarias, ao abandonaren as clases burguesas o uso do idioma galego e ao se somerxer a rexión no empobrecemento. O renacemento de Galicia e a súa vitalidade procede, á parte doutros motivos de carácter nacional, de tomar consciencia da importancia de todo o galego, así como de adquirir confianza na intelixencia e mais nos valores morais e humanos deste pobo sufrido, reflexivo e tolerante<sup>12</sup>. Hoxe coñecemos o esplendoroso porvir que agarda a este país e o seu papel primordial para sumar España a Europa<sup>13</sup> polo seu sentido democrático, polo seu saber oír e contrastar

---

<sup>11</sup> «Sumados aos que viven en Galicia os emigrantes desde o ano 1930, a poboación no mundo é de 4.300.000 galegos. Nos anos 1969 e 1970, emigraron de Galicia 25.000 persoas ao ano, pero a partir de 1971 volveu incrementarse a emigración, que acada aproximadamente as 40.000 anuais. Se se sostiveren estas cifras nos anos próximos, váisenos cada cinco anos un número de habitantes igual ao que posúen A Coruña ou Vigo». *Congreso regional de la Emigración Gallega* (Santiago, 1971), páx. 56: «Emigración continental en el primer semestre de 1971: 25.693».

<sup>12</sup> O renacemento cultural de Galicia xa encomeza, desde o punto de vista artístico, co Barroco no século XVII.

<sup>13</sup> Sobre o concepto de Europa, di o xornalista Augusto Assia, pseudónimo do sagaz e documentado escritor Felipe Fernández Armesto, nunha entrevista para a revista *Cribe*: «Europa é unha conduta, abofé que non é unha xeografía; Checoslovaquia, Hungría e Iugoslavia non forman parte do que se entende por Europa. Unha conduta para cos nosos semellantes, opinen coma nós ou dun xeito distinto a nós. Europa supón a xestación da oposición, como sistema de goberno. O goberno controlado

opinións, polo seu concepto reflexivo da vida (que tan gran papel desempeñará nos anos vindeiros), pola súa capacidade para ser forxadora da unión dos pobos ibéricos e dos da chamada América Latina, por posuír os dous idiomas deses pobos, o castelán e o galaico-portugués.

A consciencia da nosa personalidade como pobo, como cultura, como etnia, ou sexa, a capacidade de saírmos destes séculos de abandono, débese a un conxunto de homes e mulleres admirables que ofreceron o seu esforzo e a súa vida a elevar o espírito deste pobo, a recrear os seus mitos, as súas crenzas e a súa fala, a pór de manifesto os seus valores morais e intelectuais. Neste labor, a universidade desempeñou e ten que desempeñar un papel decisivo.

A universidade, creadora de ciencia e de coñecemento, non pode permanecer allea á vida que ten derredor, e a vida que ten derredor a Universidade de Santiago é o pobo galego coas súas loitas e cos seus problemas, entre os que destaca a toma de consciencia da súa personalidade histórica. A ciencia non ten fronteiras, pero os que a crean si, e os seus éxitos non só aceiran a confianza na personalidade do pobo a que pertencen, senón que permiten utilizar esa ciencia para organizarse, para resolver pacífica e reflexivamente os conflitos, para forxar ideais cara aos que se orienten os pobos e para crear benestar, mellorar a economía e alcanzar poder, pois mesmo ese poder é necesario para defender os propios ideais xenerosos. Como reaccionou a Universidade de Santiago á depresión histórica galega? Como contribuíron a Universidade e os universitarios ao renacemento da cultura galega?

As breves reflexións que seguen son só un desexo de sinalar o tema, un desexo de lembrar, se isto for necesario, que a Universidade

---

polo parlamento: a tolerancia...». Esta conduta é consecuencia no intelectual de que Europa representa a ciencia, que implica a liberdade para investigar a verdade. «A liberdade da universidade é un dos elementos desta aventura da liberdade, na que Occidente se viu sen compañía» (Jaspers, Discurso pronunciado no 500º aniversario da Universidade de Basel, o 30 de xuño de 1960; *Basler Universitätsreden*. Helbing Lichtenhahn, Basel, 1960).

de Santiago posúe unha fonda responsabilidade de se sentir copartícipe dos dramáticos momentos que atravesamos o pobo galego, nos que conviven a traxedia do éxodo, como consecuencia da incuria dos séculos anteriores, e mais a arrogante esperanza de adquirir consciencia do valor da nosa personalidade cultural, para intervir na europeización de España, e do valor da nosa xente, que esixe unha industria, unha estrutura agrícola e unha organización económica e social digna. Alén disto, a Universidade deberá ser pioneira dos nosos obxectivos, pois será a consciencia científica a que marque o posible entre o que se posúe e o que se arela.

Galicia deu nos séculos XIX e XX unha pléiade de poetas, escritores, economistas e políticos que forman a lexión «dos bos e xenerosos», aos que lles debemos que puxesen en valor que ser galego é algo máis que habitar un determinado anaco de terra. A Universidade non permaneceu allea a esta misión. As miñas notas son só apuntamentos para que outros máis capaces as desenvolvan e as melloren, pero a Universidade é peza decisiva deste renacemento que se albisca para o pobo galego e que ten que se organizar con miras a ser a coordinadora dun territorio que, nos anos que restan do século XX, deberá pasar de rexión agrícola a rexión superindustrializada, onde os valores do espírito dos galegos se tornarán o novo ideal que se impoña a outros ideais periclitados que gozaron de hexemonía noutros tempos<sup>14</sup>. A unificación de falas e costumes pola forza tivo a súa época para formar os estados nacionais, mais, no momento en que se prevé para dentro de moi poucos anos unha

---

<sup>14</sup> Unha consecuencia do carácter de Castela foi a tendencia de converter a «unidade» en uniformidade. Di Laín Entralgo en *A qué llamamos España*, pág. 72, Col. Austral, Espasa-Calpe: «Consecuencia directa deste profundo e pertinaz trazo da existencia española será a expulsión dos xudeus polos Reis Católicos e, século e pico máis tarde, a dos mouriscos [...] van ser, durante os séculos XVI e XVII, a secuela desa poderosa tendencia española a entender a unidade da vida colectiva como monolítica e excluínte uniformidade». Este espírito está hoxe periclitado e a unidade ha de ser consecuencia de normas de convivencia e de respecto para a diversidade.



moeda unificada en Europa e un parlamento político común, precísanse novos ideais de convivencia e de respecto á propia personalidade. Hoxe revelaríase anacrónico espertar os ideais de Napoleón ou de Guillerme II de Alemaña, que pretendían unificar Europa dominando unha nacionalidade por riba das outras, impóndoa pola forza. Os novos ideais de convivencia, de respecto aos valores culturais dos demais e de confianza na democracia abriron unha esperanza a un mundo mellor. Os galegos levamos no noso espírito eses valores, non por brandos ou por vencidos, senón por intelixentes, e a universidade representa a intelixencia<sup>15</sup>.

## A ERA COMPOSTELÁ

Galicia estende pola Europa do medievo o culto ao apóstolo Santiago, cuxo sepulcro custodia desde o século IX, e adquire un gran desenvolvemento cultural e político debido ao impulso fecundo da súa relación cos pobos que transitan polo chamado Camiño de Santiago. Galicia, como quedou dito, representa dos séculos XI ao XIII a forza espiritual que une os pobos do norte para formar España. Os reinados de Fernando II e do

---

<sup>15</sup> «Segundo Castro, os “españóis” comezaron a existir como tales (chamar españois aos numantinos, a Séneca, a Traxano e a Recaredo non pararía de ser un ben intencionado desatino histórico, se en verdade se lle quere dar sentido rigoroso ao termo “español”) só cando os hispano-visigodos acantoados pola invasión árabe nalgúns recantos montañosos do norte da Península iniciaron, cada grupo pola súa conta e á súa maneira, a empresa de reconquistar a terra perdida» (Lain Entralgo, *op. cit.*). Aínda cando a cita se refire a Castro, é polos estudos deste historiador polos que sabemos que esta última parte non é exacta; é a hipótese castelá da iniciación da Reconquista, coma se fosen uns grupos ariscos, esforzados, irredutibles e independentes que non aceptan a dominación árabe. Sabemos hoxe que a antiga cultura galega, que se sostén con continuidade desde a Idade de Bronce, é a que vai dar unidade e enerxía a eses grupos refuxiados nas montañas. Foi o xenio indomable da antiga Gallaecia, cunha cultura moi elaborada, a que sostivo a chama do cristianismo e do espírito europeo fronte aos árabes.

seu fillo Afonso IX, que decorren desde 1157 ata 1230, correspóndense co máximo esplendor de Galicia e asemade cun dos momentos máis importantes do desenvolvemento da cultura hispánica. Con todo e iso, di Emilio González López<sup>16</sup>, sobranceiro profesor e grande historiador de Galicia: «pasan sen pena nin gloria polas páxinas das Historias de España, escritas co pensamento posto en Castela»<sup>17</sup>.

«Este proceso de evolución da cultura galega, dentro da española», continua dicindo o profesor González López, «iniciouse, a fins do século IX, no reinado do infortunado rei don García de Galicia, na época en que ocupou a sede compostelá o bispo Diego Peláez, a quen o usurpador Afonso VI estrañou do reino de Galicia co falso pretexto de ser traidor á súa patria. Acentuouse cando don Raimundo de Borgoña e a súa esposa a infanta dona Urraca de Castela estableceron en Compostela unha corte que tiña constantes e estreitas relacións con tódolos pobos da Europa occidental, principalmente con Francia. Ascendeu esta cultura aínda varios banzos no reinado de dona Urraca e do seu fillo Afonso VII, cando Compostela se converteu con Diego Xelmírez no centro político, cultural e económico máis importante dos pobos cristiáns peninsulares. Afonso VII deixoulle este rico herdo, que representaba Galicia, ao seu fillo Fernando II; e ao arredar Galicia de León e Castela, non cometeu un acto inxustificado e arbitrario –como indican xeralmente os historiadores españois– que se propuña satisfacer as ambicións persoais dos seus fillos, senón que, pola contra, o Rei castelán, nado en Galicia, rei de Galicia antes que de Castela, coñecedor da madurez política e persoal da súa terra natal, recoñeceu politicamente a personalidade histórica de Galicia, asociada a León. Fernando II, o seu fillo, e Afonso IX, o seu neto, foron merecentes do valioso herdo que lles foi transmitido, ao que lle deron un notable pulo e desenvolvemento, facendo do seu reino un modelo entre os pobos da

---

<sup>16</sup> *Op. cit.* páx. 301.

<sup>17</sup> Véxanse as monografías de Julio González dedicadas aos reinados de Fernando II e de Afonso IX. Estes estudos contribúen a aclarar esta etapa da historia de España.

Europa occidental, tanto no político como nas letras e nas artes [...] A falla de coñecemento e comprensión do papel que tivo nese reino, máis galego que leonés, o aporte político e cultural de Galicia, fai que se esvaeza e esfume nos libros de historia este período de tan acusadas liñas na vida cultural e política española; e apareza, perdido o seu auténtico contido, como un simple esgazamento do reino castelán, cando foi algo moi distinto».

En Galicia e en León naceron nesa época as institucións parlamentarias representativas, máis tarde coñecidas no resto de Europa, nas que colocan hoxe moitos pobos o seu máximo orgullo e que nosoutros enxexamos. Como sinala González López, as primeiras cortes que se reuniron en Europa foron as convocadas en 1188 por Afonso IX de Galicia e León ao subir ao trono, ás que asistiron, por vez primeira na historia das institucións políticas europeas, os representantes das cidades, e foi o galego a lingua desas primeiras Cortes Españolas. O feito de que fose o galego o idioma desas cortes non pode cegar aos historiadores casteláns a non se sentiren orgullosos desa primacía de León e de Galicia; demostrarían un localismo trasnoitado e inoperante<sup>18</sup>.

## **GALICIA DESDE O SÉCULO XIV AO XVII, SEN VOZ NAS CORTES DE CASTELA**

Nos primeiros anos da fusión dos reinos de Castela e León, o rei Fernando III o Santo respectou a existencia separada das Cortes dos dous reinos que se uniran previamente; nas de Castela era o castelán a lingua parlamentaria, en tanto que nas de León continuaron sendo o galego e

---

<sup>18</sup> «Na catedral de Santiago de Compostela, e non na de León, repousan os restos de Fernando I e de Afonso IX, auténticos reis de Galicia, que deron co seu goberno o máximo pulo á cultura galega, permitindo que Compostela se convertese nun dos centros culturais e artísticos máis vivos e prolíficos da Idade Media», E. González López, *op. cit.* páx. 173.

mais un leonés que era como un rebento desta. Porén, durante o reinado de Afonso X o Sabio reúnense conxuntamente as Cortes dos tres reinos<sup>19</sup>. Velaquí o comezo da perda de personalidade de Galicia, aínda máis comprometida ao lles ser negada a representación en Cortes ás súas cidades, representación que nalgúns casos soamente ostentaban os bispos.

Enuncia o padre Mariana as vilas que posuían a mediados do século xiv dereito a representación en Cortes<sup>20</sup> e non figura ningunha galega. Máis tarde, en 1476, concédeselle a Zamora levar a voz por Galicia. Era un agravio que se perpetuaba e que tiña aos galegos desgustados e preocupados.

Durante todo o século xvi organízanse reunións e protestas fronte aos reis do momento, coma a subscrita polos prelados e cabaleiros en 1520 fronte ao emperador Carlos I, que reúne Cortes en Santiago que despois traslada á Coruña, onde ameazan con non pagar servizo nin cumprir ningún dos acordos das Cortes da Coruña se Galicia non acababa representación.

Máis tarde, fronte a Filipe II, renóvanse as súplicas. Para acceder aos desexos de Galicia, solicítanse 20.000 ducados, pero non se logra reunir esa suma. A cantidade esixida para devolver o voto a Galicia foi aumentando ao longo do século e a principios do xvii a cantidade reclamada era de 100.000 ducados. Morre Filipe III en 1621 sen que mude a situación, aínda cando aparecen libros e folletos que tratan de xustificar a petición, sen resultado. Entón, en 1623, Filipe IV, pola intercesión de D. Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, e de frei Antonio de Soutomaior, confesor do rei, máis os previos informes dos tribunais do Consello de Estado, fai mercé ao Reino de Galicia do voto en Cortes.

Non deixa de ser interesante comentar a coñecida carta en defensa dos galegos que o conde de Gondomar redacta o 27 de xaneiro de 1614

---

<sup>19</sup> Agustín Blánquez Fraile. *Historia de España*. Barcelona, páx. 216, 1936.

<sup>20</sup> Burgos, Soria, Segovia, Ávila, Valladolid, León, Salamanca, Zamora, Granada, Córdoba, Murcia e Xaén. Juan de Mariana, libro XIV, cap. XV.

desde Inglaterra, onde é embaixador de España, a outro galego insigne, D. Andrés de Prada, secretario de Filipe IV<sup>21</sup>, e que comeza na lingua materna: «Meu señor verdadeiro». Entre outras cousas di, en castelán: «Pues ¿qué nación en el mundo ha dado en su profesión caballero como el comendador Andrés de Prada, secretario del Consejo de Estado de Su Majestad?, ¿qué virreyes ha tenido Nápoles como los condes de Lemos, ni las Indias como el conde de Monterrey? Hoy servimos a Su Majestad tres embajadores gallegos [*estes embaixadores non poderían ser outros ca don Francisco de Castro, duque de Taurisano da casa de Lemos, representante de España en Roma, e don Baltasar de Zúñiga, embaixador en Alemaña, de coñecidos soares os dous no antigo Reino de Galicia, á parte do conde de Gondomar*]; gallego prendió al rey Francisco de Francia en Pavía: Alonso Pita da Veiga; gallego ganó a Córdoba: Hernán Núñez de Témez, cuyo nieto fue el Gran Capitán Gonzalo Fernández de Córdoba; y así un gallego ganó a Nápoles; otro gallego conquistó a Jaén, Men Rodríguez de Biedma, cuyo descendiente es el conde de Santisteban; gallegos conquistaron y ganaron el Andalucía, y así tienen hoy en ella la mayor parte sus descendientes los Córdovas, Aguilares, Figueroas, Riberas, Saavedras, Godoyes, Sotomayor y otros muchos. Gallego ganó el reino de Murcia: Pedro Gallego Fajardo, cuyo nieto es hoy el marqués de los Vélez. Gallego era el adelantado don Diego Sarmiento, mi octavo abuelo, que sólo él osó decir en el Consejo al Rey don Pedro que hiciese vida con la reina doña Blanca y dejase a doña María de Padilla, y quitase de la gobernación del reino a sus parientes que le tiranizaban. Gallego era don Fernando de Castro, cuyos valerosos hechos son bien notorios, y por ellos y su lealtad, habiendo muerto aquí en Inglaterra, el año de 1376, se puso sobre su sepultura: *La lealtad de España y la honra de Galicia*. Gallego, señor de la casa de Figueroa, libertó a Castilla y a León del infame

---

<sup>21</sup> Véx. J. M. Castroviejo-F de P. Fernández de Córdoba. *El conde de Gondomar*, Edt. Prensa Española, Madrid, 1967, p. 35. Algúns comentarios a esta carta tómanse desta obra. Nun apéndice ofrecemos a carta completa.

tributo de las doncellas. Gallego fue Payo Gutiérrez, que ganó la ciudad de Lisboa a los moros; fue hijo de don Gutiérrez Páez, conde de la Limia, en Galicia, que fue a servir al rey don Alonso el primero de Portugal, que le dio en aquel reino grandes estados y el apellido de Acuña, de que descienden tantos grandes señores y caballeros en España. Gallegos son toda la nobleza y conquistadores de Portugal y los que no descienden de gallegos, descienden de moros, porque en aquellas comarcas no había otras gentes; ni el conde don Henrique ni el rey don Alonso el Primero, su hijo, las llevaron de otras partes más que de la parte de Entre-Duero y Miño, que era Galicia, y la apartó el rey don Alonso el Sexto de Castilla para dársela, y todo la restante hacia el mediodía era de moros».

É entenrecedor ler a defensa apaixonada de D. Diego Sarmiento de Acuña, ategada de amor a Galicia e con pingas de humor, coma a referencia ao señor de Maceda, Juan de Novoa. Así e todo, a mesma carta reflicte un dos feitos decisivos para interpretar a decadencia nes séculos do Reino de Galicia.

Galicia ancorouse na Idade Media, na época feudal, creu que a grandeza derivaría dos seus poderosos señores feudais, non asimilou con suficiente acento o concepto de nacionalidade que tan pronto intuía Castela e que foi a base do seu engrandecemento. Na acción dos Reis Católicos contra Galicia non é só que quixesen sosegar un país con degoiros de emancipación, senón que trataron ademais de dominar os señores feudais que aínda non asimilaran a idea dun Estado por riba dos nobres e dos señores. Soamente con Diego Peláez se adiviña un concepto de nacionalidade galega, como queda dito, foi a falta de ideas modernas e axeitadas á época o que lles impide aos señores galegos, poderosos, cultos e esforzados soste, no século XIV, o papel predominante que Galicia tivera nos séculos XII e XIII. Galicia é un bo exemplo de como os destinos históricos se forxan mellor captando o espírito da época e intuindo as ideas que van predominar ca no esforzo guerreiro ou económico; simplemente, este esforzo é importante e ás veces imprescindible, pero, para ser fecundo, cómpre que estea ao servizo de ideas e ideais axeitados á época.

Mentres Castela, ao leste, adiviñaba a importancia de impor un Estado soberano afincado na súa arrogancia e Portugal, ao sur de Galicia, fortalecía a súa personalidade mediante a súa diferenza con Castela e o desenvolvemento do portugués, lingua nacida na parte sur da Galicia histórica que separa o Miño, Galicia, en cambio, non adquiriu consciencia do papel que ía desempeñar a idea de nacionalidade nin da importancia decisiva de que o pobo e as clases burguesas estivesen representadas nas Cortes. A súa organización feudal, os seus poderosos señores, non podían albiscar que non era aumentando o seu poder persoal como lograrían engrandecer o país, senón renunciando a moitas das súas prerrogativas a prol do pobo, desa gleba que desprezaban e cuxa defensa significaba, nesa época, o poder do Rei, que representaba o Estado. Como é sabido, no século xv, o movemento chamado «dos irmandiños» representou unha consciencia popular para se librar do xugo dos señores feudais. A primeira guerra «irmandiña» acontece en 1431, mentres que a segunda sucede entre 1467 e 1469, co movemento comuneiro capitaneado polo fidalgo Roi Xordo, quen por servir a causa popular sacrificou primeiro os seus intereses e despois a súa vida<sup>22</sup>.

Non faltaban en Galicia homes poderosos e ilustres, como sinala o conde de Gondomar, nin guerreiros que conquistasen tantas cidades do sur ao mouro, coma Xaén ou Almería; o que faltou foi forxar un ideal e un estilo de vida axeitado á época e, xa que logo, os feitos guerreiros dos galegos que cita Gondomar son feitos ao servizo dun espírito que impuña Castela.

Por iso somos tan optimistas neste momento respecto a Galicia. Os seus pensadores e escritores adiántanse á idea dunha federación de nacionalidades para crear os Estados Unidos de Europa e son pioneiros en destacar, mesmo dentro do capitalismo, a esixencia da época respecto aos progresos sociais. Di Castelao<sup>23</sup>: «E perciso crear unha organización

---

<sup>22</sup> Victoria Armesto. *Galicia Feudal*. Galaxia, 1969.

<sup>23</sup> A. Míguez: *El pensamiento político de Castelao*. Ruedo Ibérico, 1965.

estatal capás de atraer a Portugal ó seo da familia hispánica. Galicia pode servir de intermediaria nista tarefa que o futuro terá de afrontar». É asombrosa a intuición de Castelao para prever a unión dos Estados de Europa: «Xa vai sendo hora de tomar moi en serio a idea dos Estados Unidos de Europa», di na súa obra *Sempre en Galiza*. Declárase hispanista no sentido de que as distintas nacionalidades que constitúen España deben, non só seguir unidas, pois teñen moitos séculos de historia común, senón tratar de atraer a Portugal ao seo dos pobos hispanos<sup>24</sup>. Para lograr isto, Galicia desempeñará un papel predominante polos lazos históricos e filolóxicos que nos unen con ese país. Estas ideas están moi claras entre os historiadores galegos: Risco, Vicetto, Otero Pedrayo, Portela, del Riego ou Paz Andrade preconizan a unión dos pobos hispanos, incluído Portugal, para formar un só Estado con autonomía para as nacionalidades, así como a unión dos Estados europeos para crear unha federación, sen esquecer a proxección que este estado hispano terá en América. A convivencia nese Estado do castelán e do galaico-portugués, xunto aos outros idiomas peninsulares, proxectarase en América na irmandade cos pobos de orixe ibérica. Pero imos reconsiderar agora as consecuencias dese decaemento da personalidade de Galicia.

## O SENTIDO PEXORATIVO DE GALEGO É UNHA VIVENCIA MOURA

A condición mendicante de Galicia durante case trescentos anos para ter voz nas Cortes de Castela é un dos feitos que inflúe máis decisivamente na depresión histórica galega. Segundo Paz Andrade<sup>25</sup>, é nesa época

---

<sup>24</sup> «Cremos que o separatismo é unha idea anacrónica [...] non intentamos tronzar a solidariedade dos pobos españois, reforzada por una convivencia de séculos, senón máis ben posibilitar a reconstrución da grande unidade hispana, ou ibérica». Castelao, *Sempre en Galiza*, Buenos Aires, Eds. As Burgas, 1961, páx. 55.

<sup>25</sup> *La marginación de Galicia*, Madrid, Siglo Veintiuno, 1970, páx. 329.



cando se establece a lenda da inferioridade do galego, considerándoo a última carta da baralla laboral, só apto para traballos de forza ou oficios de baixa condición.

En 1905, Emilia Pardo Bazán xa se queixa nun discurso sobre Gabriel y Galán, pronunciado en Salamanca, dese sambenito de inferioridade do galego do que se fixeran eco Cervantes e Góngora, dicindo ao respecto: «Para min, nada en terra galega, resoa estrañamente a queixa castelá. Supuña eu que tal lamento era peculiar do meu país, unha forma da súa morriña. Dentro da Patria, críase, non só postergada Galicia, senón, e con fundamento, escarnecida cruelmente. Desde o século XVII, Cervantes, reflectindo coa súa habitual fidelidade de espello unhas ideas ao uso e referíndose por certo á turba estudantil que se congregaba nos claustros da Universidade, díxonos que os galegos non merecen sequera consideración, porque non son ninguén, e don Luis de Góngora y Argote remachou o cravo en velenosa letriña...»<sup>26</sup>.

A nómina dos desprezadores dos galegos déixao a un perplexo e preocupado, pois sen dúbida figuran nela pensadores, poetas e escritores, cumios do pensamento ibérico: Cervantes, Lope, Góngora, Camões e, na época contemporánea, Unamuno, Sánchez Albornoz e Ortega y Gasset; por iso, non é posible non prestarlle atención e consideralo coma se se tratase só dunha falta de simpatía. Merecen os galegos historicamente ese concepto de inferioridade? Somos os galegos un pobo de poucos alcances e torpes, como din algúns destes autores? Como encaixaron os galegos esta aldraxe?

O grande historiador ao que xa nos referimos, Américo Castro, que desenvolveu ideas orixinais sobre a historia española e puxo especial atención á influencia de Galicia na cristianización de España durante a Idade Media, advirte do papel primordial que tivo o camiño de Santiago e do papel decisivo que desempeñaron os galegos na Reconquista cando di

---

<sup>26</sup> E. Pardo Bazán. *Discurso a la memoria de Gabriel y Galán*, Madrid, Tip. Idamor Moreno, 1905.

en *Origen, ser y existir de los españoles*<sup>27</sup>: «Galicia fíxose importante coa súa cultura e peregrinacións a Santiago, e a favor da súa consciencia de ser importantes, os galegos lanzáronse a poetizar na súa fala nos séculos XII e XIII. A súa lingua era usada ás veces polos notarios, na primeira metade do século XIII, en Zamora e Salamanca». Na súa obra *La realidad histórica de España*<sup>28</sup> di: «no Noroeste, Santiago foi a forza cohesiva apta para organizar dalgún modo aos cristiáns do século IX, rudos e divididos e, grazas a esa forza, o Reino Leonés empezou a adquirir estrutura política e estímulos vitais, un ideal relixioso-bélico capaz de se arrepoñer ao do inimigo».

«Aos cataláns chamábanlles “francos” (e así lles chama o *Poema do Cid* en 1140), en tanto que os cristiáns do Norte eran galegos para os escritores musulmáns, feito explicable polo gran significado daquela Meca cristiá: tras os cataláns asomaba o prestixio do imperio carolinxio e, tras os demais cristiáns españois, o do galego Santiago. O número de galegos na España árabe non era abondo para esquecer a asturianos e leoneses, mais estes non presentaban singularidade ningunha para destacalos, e os galegos si».

Sen dúbida, como insiste Américo Castro, algúns historiadores españois pretenderon facer crer que os casteláns aparecen na historia xa predestinados a crear un imperio desde a prehistoria altamirense, sen influencias periféricas nin de xudeus nin de mouriscos<sup>29</sup>; o castelán, para eses historiadores creadores de mitos, está destinado a mandar, a dominar e a conquistar, e é portador da forza mítica dos predestinados, sen intervención doutras culturas nin influencias.

Non é posible negarlle uns valores egrexios a Castela, que logra amalgamar os pobos hispanos e infundirlles uns ideais para empuxalos

---

<sup>27</sup> Madrid, Taurus, 1959, páx. 18.

<sup>28</sup> México, Porrúa, 1954, páx. 385.

<sup>29</sup> A. Otero Varela di en *La delimitación nacional de la Historia del Derecho. En torno a los orígenes de la nacionalidad española*, Santiago de Compostela, Universidade, 1971, páx. 11: «Sánchez Albornoz pretende levar o proceso caracterizador ata a Prehistoria...».

á epopea que supón a civilización dun continente e a vida de vinte nacións. Porén, algúns historiadores quixeron idealizar en exceso o seu poder e ocultaron consciente ou inconscientemente a intervención das outras rexións ibéricas e o valor e a importancia dos cataláns, galegos, vascos ou ástures na historia española.

Galicia, neses séculos a que nos referimos, empobrecida e sen dirixentes, humíllase ata o indíxible, e é nesa época cando se ve escarnecida e desprazada por Cervantes, Lope e Camões; este último refírese a Galicia dicindo, no canto IV, vers. 77 e 78, aquilo de:

A vosoutros também não tolhe o medo  
Ó, sórdidos galegos, duro bando.

É pois só consecuencia de se sentiren vencidos e dominados, tras o castigo que os Reis Católicos impuxeron a Galicia polo seu apoio á Beltránexa, que *galego* en Castela sexa símbolo de pusilánime e torpe? Que elementos favorables a Galicia e aos galegos pode haber nesa inxuria?

Recentemente un historiador e pensador insigne, Santiago Montero Díaz, nunha conferencia sobre Xelmírez<sup>30</sup> encárase co problema de por que *galego* ten en Castela ese valor pexorativo e refírese especialmente ao xuízo do profesor Sánchez Albornoz sobre Xelmírez e os galegos.

Segundo a tese de Sánchez Albornoz, Galicia perde a súa condición guerreira a causa de se situar lonxe das liñas en que se enfrontan cristiáns e mouros; con todo, esa perda de valor bélico torna os galegos en arteiros e pícaros e cualifica a Xelmírez, representante de Galicia, de «raposo», un pobo de «raposos», en tanto que cualifica o Cid, representante de Castela, de «león», un pobo de leóns<sup>31</sup>.

---

<sup>30</sup> Diego Gelmírez: *Historia de una fama*. Santiago de Compostela, Universidade, 1964.

<sup>31</sup> O noso eximio e grande historiador Ramón Otero Pedrayo, no limiar da *Historia de Galiza* dirixida por el (Buenos Aires, Nós, vol. I, páx. 8, 1962) di de Xelmírez: «o grande home e vontade que quizais parte en dous o medievo galego».

Non obstante, o profesor Montero Díaz desenvolve unha tese audaz, que xa apuntaran outros historiadores, pero asentada en textos irrefutables, demostrando que non é certo que Galicia perdese a súa condición guerreira; e máis, é tan forte, tan viril e tan importante a contribución galega á reconquista que os galegos foron os máis porfiados inimigos dos mouros.

Di Montero Díaz na páxina 29 da súa conferencia: «*Galego* chaman os historiadores e escritores árabes a todo combatente que poña en perigo a súa seguranza ou as súas conquistas».

«Veu o galego e botounos de tal ou cal praza”. “Un can de Galicia nomeado Rodrigo” di Ibn Bassām referíndose ao Cid»<sup>32</sup>. E no corazón de Ibn Bassām, esa palabra de *galego* reborda o mesmo rancor e a mesma xenreira con que hoxe a oímos dos beizos de centos de milleiros de españois.

«Pero o nome de Galicia difundíase ao mesmo tempo en Europa para simbolizar unha terra máis culta, máis combativa e máis antiga ca as outras, o sector cristián occidental da Península. Hai tres imperios, din os anais de Lorsch: o de Bizancio, o Sacro Imperio Romano Xermánico e mais o Galego. E na carta atribuída a Aleixo Comneno solicitando o apoio de Roberto I de Flandres anteponse Galicia a todos os reinos de Europa como modelo –*sicut Galliciam et alia occidentalium regna*– na loita co Islam»<sup>33</sup>.

É máis, na tese do profesor Montero Díaz, é a vivencia do temor dos mouros aos galegos o que abrolla a zuna dos escritores casteláns contra Galicia. Tamén en México lles tiñan medo aos españois e chamábanlles *gachupín*, ‘home de ferro’, pero cando se debilitaron e lles perderon o medo, a palabra *gachupín*, que tanto os atemorizaba, pasou a ser insulto e imprecación desprezativa. De igual maneira, *galego*, que para os mouros significaba medo e odio aos guerreiros galegos, foise convertendo, terminada a loita, en termo desprezativo. Confirmase así a tese de Castro sobre as vivencias mouras na consciencia castelá.

---

<sup>32</sup> J. Béraud-Villars. *Les touaregs au pays du Cid*, París, Plon 1946. páx. 142.

<sup>33</sup> Heinrich Hagenmayer. *Epistulae et chartae ad historiam primi belli sacri spectantes. Die Kreuzzugsbriefe aus den Jahren 1088-1100*, Innsbruck, 1901, páx. 133.

Pero quixera reproducir a arrogante e clara defensa que fai Montero Díaz de Galicia, quen termina a súa conferencia sobre Xelmírez dicindo:

O pobo galego, desde o primeiro momento, reaccionou con elegancia, desdén e humor ante a malquerenza peninsular. Non obstante, os nosos dirixentes espirituais do século XIX tomaron consciencia da aldraxe. Eduardo Pondal estableceu entón a súa distinción entre «os bos e xenerosos» e «os ignorantes e férridos e duros». Nas estrofas inmortais d'Os pinos estampou aquilo de «non des a esquecemento da injuria o rudo encono.

Non é só o pobo humilde, vítima do desamparo administrativo e carente de cultura, quen continúa aquela morbosa e ancestral galaicofobia. Son tamén –en gran parte– os intelectuais, os dirixentes espirituais deses pobos arroupados no seu escuro rancor. Exemplo diso, Sánchez Albornoz, e non en menor escala o máis importante dos actuais casteláns no que levamos de século: José Ortega y Gasset.

Foi Ortega quen escribiu: «Non lle deamos máis voltas: España é unha cousa feita por Castela e hai razóns para ir sospeitando de que, polo xeral, só cabezas castelás teñen órganos adecuados para percibir o gran problema da España integral<sup>34</sup>.

A esta insensata exclusiva, cuxa soberbia confina coa demencia ou o sainete, engade o filósofo a súa tristemente célebre agresión contra o noso pobo: «Galicia, terra pobre, habitada por almas rendidas, suspicaces e sen confianza en si mesmas»<sup>35</sup>.

---

<sup>34</sup> José Ortega y Gasset, *España invertebrada*, Madrid, Calpe, 1921, páx. 47.

<sup>35</sup> *Idem*, páx. 63. Ao respecto, di Montero Díaz: «Xa en 1957, durante un curso de verán da Universidade de Santiago, en Galicia, chamei extensa e analiticamente a

Pero nin en Ortega nin en Albornoz debemos ver posturas estritamente persoais. Pola contra, ambos constitúen expoñentes dun sentir colectivo. Proxectan simbolicamente o seu agravio cara a Xelmírez, que espallan despois a Galicia enteira, como ben poderían proxectalo contra calquera outra das nosas grandes figuras: Prisciliano, San Froilán, Roi Xordo ou Castelao.

E xa que de Xelmírez falamos, quero concluír polo de agora o estudo da súa fama evocando o soneto inmortal de Cabanillas:

E toda a Raza e toda a Terra nosa  
erguendo a Se, co-a forza d'unha arela  
que as pedras fixo frorecer en rosas,  
dalle a Roma unha irmán en Compostela.

Ampara reises, sabios e troveiros,  
bota o mar as birremes d'unha armada,  
cobre os vales de pazos e mosteiros  
e impón a lei c-o báculo a co-a espada.

A punto de morrer, cando se mira  
diante das portas fúlxidas do ceo,  
da sua catedral fixo memoria.

---

atención sobre a actitude de Ortega. Mantiven alí a tese de que Ortega participaba activamente no particularismo de que nos fala o seu libro. Citei esta agresión contra Galicia como modelo de centralismo dispersivo. A miña fonda análise da actitude de Ortega e as súas raíces políticas, psicolóxicas e económicas foi, por certo, tomada e utilizada por outros escritores» (Cfr. Gonzalo Ruibal, «Cita con Montero», *La Noche*, 31 de xullo de 1957).

E tornando a Santiago, encende e inspira  
no corazón e a mente de Mateo  
o prodixio do Portico da Groria.

Tamén Galicia, coma o seu símbolo Xelmírez, érguese  
«co-a forza d'unha arela».

Creo de grande interese e valor histórico a hipótese de Montero<sup>36</sup>: hai unha vivencia moura no odio que reflicten eses escritos dos pensadores casteláns contra Galicia.

Pero sería parcial non admitir que, alén deses factores raciais que interviñeron no concepto pexorativo de galego, houbo neses séculos un decaemento da súa cultura e da súa economía.

En Galicia, a deserción da nobreza arrastrou as clases burguesas e acomodadas a arremedar o de fóra, pretendendo falar castelán para se diferenciar do pobo, que conserva a lingua galega como algo propio.

A partir do século pasado, co romanticismo, que exalta os valores rexionais, o renacemento da cultura galega é evidente, tamén influenciado pola actitude da Igrexa ante as linguas rexionais e a defensa dos dereitos humanos.

Non quixera concluír estas reflexións sobre o sentido pexorativo de *galego* en Castela sen me referir ás modificacións introducidas pola Real Academia Española nas diversas aceptacións da palabra *galego*<sup>37</sup>. Álvaro Cunqueiro,

<sup>36</sup> Con anterioridade a Montero, esta hipótese xa fora establecida por Portela Valladares. Di Castelao en *Sempre en Galiza*: «Así, os historiadores árabes chaman “galegos” aos seus inimigos e, para eles, o Cid era un “perro gallego”. Ben di Portela Valladares que foi nas terras reconquistadas onde, por influxo atávico dos tempos de mourería, se iniciaron os ataques de Castela contra o noso nome» (*Sempre en Galiza*, Buenos Aires, Eds. As Burgas, 1961, páx. 269).

<sup>37</sup> «Gallego: Dialecto de los gallegos. *A gallego pedidor castellano tenedor*, ref. que advierte el desaire que deben sufrir los importunos y molestos» (*Diccionario de la Real Academia Española*, 1925, tomo XV, páx. 518).

o noso grande escritor, dixo ao respecto: «A verdade é que, falando en prata, impórtanme un farrapo de gaita eses cambios; alá a Academia cos seus ditos e os seus arrepentimentos. O que importa é o ser humano galego, “a lingua nosa galega”, e a súa vida, as súas virtudes, a súa salvación e a súa gloria.

»Non me molesta nada que haxa nas Castelas un refrán en que apareza o *galleguiño* mendigando, tenaz e submiso, húmido lambedor, como lingua de can. O que me irrita é que ese galego exista en Castela ou no Río da Prata e, sobre todo, que exista sen culpa persoal, feito por secular miseria e desgoberno, e non nacido».

Continúa Cunqueiro sostendo a tese de que o que menos importa é que digan dos galegos que son pobres ou rastreiros; o importante é que non o sexan e termina recordando que «un pobo “sfi” en África, o máis miserable e vareado de todos, só superior aos pigmeos, chámase a si mesmo “n’ombi”, ‘señor dos camiños’. Vén nos dicionarios; xa están servidos».

Naturalmente, ten razón Cunqueiro, mais se é preciso reforzar a dignidade a todo un país ofendido como pobo, como etnia, non pode servir facelo individualmente. Mesmo a maneira de reaccionar contra a aldraxe sentíndose solidario das clases traballadoras e tratar de reforzar a propia personalidade ou, pola contra, facer chufa sobre eles, mofándose dos erros que comete a nosa xente ao falar o castelán, crendo que por falar con acento estraño se liberan do sambenito, dará a medida da honra dese pobo.

## ALGÚNS MATEMÁTICOS E UNIVERSITARIOS GALEGOS QUE COADXUVAN NO RENACEMENTO DA CULTURA GALEGA

Descoñezo a existencia de poesías impresas en galego anteriores a 1697<sup>38</sup>; nesa data, o reitor da Universidade de Santiago D. Joseph Varela

---

<sup>38</sup> No tomo II das súas *Notas viejas galicianas* Pérez Costanti alude aos «impresores e libeiros do século XVI en Santiago» e advirte que o primeiro ensaio de arte tipográfica en Galicia débese ao cabido compostelán, cando en 1483 fixo vir aos «mestres de facer libros



y Vasadre acorda dar ao prelo a descrición das *Fiestas Minervales* celebradas na solemnidade do Espírito Santo en memoria de D. Alonso de Fonseca o Grande, arcebispo fundador do colexio do seu nome. Coa súa decisión, presta un gran servizo á Universidade e mais á cultura galega, pois demostra que, aínda neses séculos en que o xenio literario galego parecía adormecido, existían cultivadores da poesía en galego e xa había constancia entre os universitarios da importancia e interese de desenvolver os valores autóctonos.

O tema ou asunto segundo do certame era o seguinte: «Se Santiago vive máis obrigada ao señor don Alonso de Fonseca ca o señor don Alonso viviu á súa Patria» e debería ser exposto en vinte coplas de romance galego<sup>39</sup>. Acudiron nove poetas dos cales son coñecidos os nomes de Dr. Juan del Río Otero, D. Francisco Antonio del Valle, D. Iván Correa Mendoza y Sotomayor, Fray Joseph Gil Taboada, D. Bernardo Vallo de Porras, D. Joseph Guerrero Larso, D. Juan Antonio Torrado e D. Ignacio Rodríguez.

O primeiro dos citados, nun dos seus romances, dicía:

na nosa lingua esquecida  
nomais por ser galega,

o cal indica que xa nesa época existía un desexo de loitar contra ese espírito de non valorizar o galego, pero aínda faltaba máis dun cento de anos para que xurdise a xeración dos precursores; a poesía «Alborada» en galego, de Nicomedes Pastor Díaz, data de 1828, e é daquela cando

---

de moldes» Juan de Bobadilla e Álvaro de Castro para a confección de certo número de breviarios. En 1511, aparecen en Santiago comerciantes de libros, mais a primeira referencia directa á Universidade é para sinalar que en 1601 (claustro de 6 de abril) encomenda ao impresor Luis de Paz a edición das constitucións e os «catro privilexios».

<sup>39</sup> F. Bouza Brey: «Don Fabián Pardiñas Villardefrancos, poeta gallego del siglo XVII». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago, fasc. 3, 1945. J. Filgueira Valverde: «As festas de S. Pío V en Santiago, no ano 1713». *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, vol. III, 1931.

nacen os máis dos egrexios galegos que afloran a cultura, a poesía, a arela de vida que perdura neste pobo e nesta xente chea de sensibilidade e portadora dunha antiga e rica cultura, cuxo máis destacado expoñente é a conservación do idioma galego, o primeiro romance da Península, que coadxuva no nacemento do castelán e que adquiriu extensión entre cento trinta millóns de falantes, co portugués. «Non se poderá explicar nunca satisfactoriamente», di Paz Andrade, «a desconexión práctica entre a póla galaica e a lusa do idioma común. Toda posición que supoña descoñecemento da unidade estrutural debe neste caso reputarse falsa. Autoridade tan indiscutida como Menéndez Pelayo sostén: “Non só son idénticas na súa esencia as linguas galega e portuguesa, senón que as formas arcaicas e populares [...] deben cualificarse de verdadeiros galeguismos”»<sup>40</sup>.

Para analizar a influencia da Universidade nese renacemento galego<sup>41</sup>, abondaría con ofrecer a nómina dos compoñentes deses grupos

---

<sup>40</sup> V. Paz Andrade, *Galicia como tarea*. Buenos Aires, Eds. Galicia, 1959. Tamén nun documentado estudo o investigador Carlos Peregrín Otero di o seguinte: «Se ben é certo que non había casteláns nin españois no ano 700, non o é menos que os galaicos, romanizados hai xusto dous milenios, existían xa en tempos dos primeiros arados romanos [...] Este romance galaico primixenio é, sen dúbida, o ascendente inmediato do galego-portugués e do leonés. Se o castelán se remonta ao romance falado polos cántabros no século IV, o natural é que sexa un dialecto do galaico...». (*Evolución y revolución en romance*, Barcelona, Seix-Barral, 1971).

<sup>41</sup> Nestas notas, refírome á obra literaria en galego e a consideracións históricas. Existe unha pléiade de galegos científicos eruditos e escritores en castelán anteriores ao século XIX aos que se refire Otero Pedrayo coas palabras seguintes: «Abonda con lembrar na Universidade de Santiago os nomes de Casiano del Prado, Rodríguez o matemático, Parga o minerólogo, Ramón de la Sagra e con eles o de Fontán. A xeografía forxouse en parte en moldes do século XVIII. O cura de Fruíme, Cornide, Labrada o autor da *Descripción económica del reino de Galicia*, o cóengo Sánchez, o deán Bedoya, os informadores de Flores, co dilixente P. Sarmiento, os próceres da aristocracia dos “pazos” e da Rúa Nova compostelá e os economistas que daquela vivían na súa época romántica desexaban, e algúns deles intentaron, o Mapa de Galicia. Fontán realizouno». *Introducción* a «D. Domingo Fontán y su mapa de Galicia». *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago, 1946. Véxase tamén o traballo

de escritores e intelectuais, apreciándose como moitos deles pasaron polas súas aulas e como a súa formación cultural influíu na súa sensibilidade para captar a importancia de crear esa consciencia histórica. Nicomedes Pastor Díaz estudou na Universidade de Santiago, Antolín Faraldo cursou Medicina en Santiago e comezou a escribir en *El recreo compostelano* (1842) e en *La situación de Galicia*, tamén de Santiago. Fundou en Santiago, canda Romero Ortiz e José Rúa Figueroa, a revista *El porvenir*, que levaba o lema «Todo por Galicia».

Murguía comezou os estudos de Farmacia en Santiago, Pondal era médico e tomou parte no banquete de Conxo, acto público realizado o 6 de marzo de 1856 na parroquia de Santa María de Conxo, organizado polos estudantes en honor á clase traballadora e para consagrar ideas democráticas, ao que asistiron un patrón e dous obreiros de cada oficio, cos universitarios como camareiros que, para faceren máis significativo o simbolismo, vestían de frac. Entre os estudantes, alén de Pondal, figuraba Aurelio Aguirre. O banquete de Conxo demostra a sensibilidade da universidade galega, daquela, ás cuestións sociais, que ían estar presentes durante máis dun século na vida nacional. Saco y Arce, crego e catedrático no Instituto de Segunda Ensinanza de Ourense, publica en 1868 a primeira *Gramática galega*. Lamas Carvajal estudou Medicina en Santiago, pero non deu terminado a carreira por causa dunha afección á vista.

Rosalía de Castro, pola súa orixinalidade e sentimento, é unha das máis destacadas poetisas líricas españolas de todos os tempos, e é hoxe símbolo de galegitude.

Entre os da xeración dos chamados «continuadores», Castelao era médico, Otero Pedrayo, «o gran polígrafo, noso actual patriarca das letras galegas», catedrático, primeiro en Ourense, máis tarde da nosa Universidade. O seu maxisterio, a súa inmensa obra ategada de vida, de

---

de Francisco Díaz-Fierros Viqueira «Comenzos da ciencia moderna na universidade compostelana» *Compostellanum*, 16 (1971), 1-4 (núm. extra dedicado ao II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos).

erudición e de estudo, a súa fidelidade ao pobo bastaría para salvar a Universidade da acusación «de vivir de costas ao pobo galego». Leiras Pulpeiro era médico. Porteiro exerceu a avogacía en Santiago. Risco foi director da Escola Normal de Ourense, fundou o grupo Nós e a revista do mesmo título, que tivo gran repercusión no rexurdimento galego. Á redacción de *Nós* pertencían Xulio Gallego, Xavier Prado, Arturo Noguero, Florentino López Cuevillas, que era farmacéutico aínda que non chegou a exercer, Cabanillas, Castelao, Losada Diéguez e Otero Pedrayo.

Parágrafo á parte requiren Alfredo Brañas Menéndez, que foi catedrático de segunda ensinanza en Santiago e A Coruña; Monte; Blanco Amor; Correa Calderón, catedrático de Instituto; Paz Andrade, avogado; Peña Novo, economista; Filgueira Valverde, actual director do Instituto e do Museo de Pontevedra, que cando estudaba en Santiago participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos. Esta organización de signo universitario, creada en 1923 durante a reitoría de D. Luis Blanco Rivero, é o expoñente máximo da longa historia da Universidade, do seu esforzo por contribuír ao acervo cultural autóctono e, ao mesmo tempo, a proba fidedigna do valor dunha obra impulsada por un espírito xuvenil de amor á terra, cheo de fervor pola nosa cultura e de entusiasmo por este pobo, que soubo conservar fronte a todas as continxencias, sen que o mestre nin o crego nin o notario lle falasen na súa lingua, as tradicións e a gallardía dunha raza viril e esforzada.

Asombra o labor realizado nos dez primeiros anos do Seminario de Estudos Galegos. Foi fundado polos alumnos da Universidade Fermín Bouza Brey, Luis Tobío Fernández, José Pena, José Filgueira Valverde, Ramón Martínez López, Manuel Magariños Negreira, Francisco Romero Lema e Alberto Vidán. Din na acta da súa constitución: «Reunidos polo desexo de coñecer a nosa terra e de unificar os seus traballos nun labor colectivo, humilde e xeneroso para a elevación da cultura galega».

As primeiras reunións tiveron lugar na casa do catedrático da Universidade Dr. Cotarelo Valledor, elixido presidente. Dirixido de cheo á formación de investigadores, o Seminario non rexeitou, con todo, o

contacto co pobo. Ao lado do estudo, cultivou a vulgarización, a lectura pública de traballos, os ciclos de conferencias, as exposicións..., formando en Galicia unha multitude afecta ao Seminario e espallando por todo o territorio unha solidariedade moral que atraía ao Seminario colaboradores novos.

O ingreso na institución do arcebispo de Santiago Dr. Lago González deu motivo, en maio de 1924, para a primeira xunta xeral en que Castelao leu o seu discurso de ingreso *Do novo espírito*. Inaugurouse unha exposición de obras do gran debuxante e impulsouse un ciclo de conferencias a cargo de Salvador Cabeza de León, catedrático de Dereito Canónico da Universidade e, máis tarde, presidente do Seminario de Estudos Galegos, alén de autor dunha extensa historia da universidade compostelá e de estudos rexionalistas; M. Lugrís Freire, autor dunha gramática galega e de numerosas obras, sendo o primeiro en empregar o galego en discursos políticos; o sobranceiro arqueólogo Ángel del Castillo; e o catedrático de Lóxica Losada Diéguez.

O Seminario de Estudos Galegos estaba dividido en once seccións e, a partir de 1925, adquiriu o sentido integral que procuraba para as súas investigacións. Empezou a publicar os seus *Arquivos*, en que figuran obras de Otero Pedrayo, Armando Cotarelo, Castelao, Vicente Risco, Filgueira Valverde, Bouza Brey, Martínez López... Organizou cursos sobre fonética, arte, arqueoloxía, etc. Formou coleccións etnográficas e arqueolóxicas, acometeu o estudo das fontes da historia de Galicia e un intenso labor paleográfico nos arquivos composteláns. Estableceu un consultorio de pragas do campo, redactou un estudo sobre o padroado de formación campesiña na escola rural e elaborou o primeiro proxecto de Estatuto autónomo e os estudos dos problemas fiscais en relación con aquel. Elaborou unha edición do *Códice Calixtino* e outra do *Corpus Petroglyphorum*, compilado por R. Sobrino. Formou un museo de arte moderna galega, creou unha biblioteca... Despois da gran traxedia da nosa guerra civil, o Seminario foi continuado polo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, que publica uns cadernos en que moitos

investigadores editan os seus estudos principalmente históricos, filolóxicos e arqueolóxicos. O Seminario de Estudos Galegos, xuvenil, audaz, ambicioso, enraizado no pobo, con fe nos destinos de Galicia e no xenio do galego, con afán heroico de superación, quedou aí como expoñente da obra que os intelectuais poden facer para revalorizar, impulsar e vivificar a cultura galega, soporte das virtudes do noso pobo.

O segundo feito que quero resaltar, transcendente para a cultura galega e en que é protagonista a nosa Universidade, sucede moitos anos despois, honra os actuais dirixentes e é aínda actualidade: a dotación da cátedra de galego e que a alcance en propiedade D. Ricardo Carballo Calero, que soubo impulsala sabiamente e con grande espírito galego<sup>42</sup>. Quero tamén destacar o Instituto da Lingua Galega, baixo a dirección do catedrático D. Constantino García.

A transcendencia de que a Universidade sancione co seu prestixio os estudos do idioma de Rosalía, de Curros, de Pondal, de Cabanillas, de Castelao, de Otero Pedrayo, de Vilar Ponte, de Cunqueiro, de Risco, de Lugo, de Del Riego<sup>43</sup>, de Filgueira, Blanco Amor, Dieste, Cotarelo, Peña Novo, Martínez Risco, J. Naya, M. Espiña, Iglesia Alvares, Celso Emilio Ferreiro, Cuña Novas, García Sabell, Ramón Piñeiro, M.<sup>a</sup> Victoria Armesto, Xoana Torres, Carré Alvarellos, Manoel María, Pura Vázquez, Sebastián González, Luis Seoane, Núñez Búa, Fraguas, Vilanova, Casas, Ánxel Fole, o idioma desa mocidade de Galicia que nos enche de esperanza, en que figuran escritores, poetas, literatos e profesores<sup>44</sup>. É un

---

<sup>42</sup> O nome da cátedra é «Lingüística e Literatura Galega».

<sup>43</sup> Francisco Fernández del Riego, cuxo pseudónimo é Salvador Lorenzana, desenvolve un labor asombroso de esforzo e intelixencia como escritor, investigador e historiador á fronte da Editorial Galaxia.

<sup>44</sup> Non é posible dar a nómina de todos os escritores en galego, moi numerosos e con nomes xa famosos. Véxase: F. Fernández del Riego. *Historia da literatura galega*. Galaxia, 1971. A seguir damos algúns deses nomes: Franco González, María Mariño, Xosé Conde, Raiviz, Dónega, Antonio Tovar, Luz Pozo, Tomás Barros, Román González, Eliseo Alonso, Manuel Cuña Novas, Pura Vázquez, Neira Vilas,

feito decisivo que honra a nosa Universidade e que marcará un fito na longa historia da antiga Gallaecia; era o mínimo tributo que os intelectuais podían render ás xentes humildes do agro galego, verdadeiras protagonistas e heroes da nosa historia, que souberon soste, fronte a todas as desercións e fronte a todos os asoballamentos e humillacións, a chama imperecedoira dunha cultura de signo hispánico, europeo e universal.

Para terminar estas breves notas sobre algúns universitarios que influíron na cultura galega, voume referir a algúns matemáticos galegos destacados pola importancia da súa obra e pola resonancia do seu traballo: Rodríguez, chamado «O matemático de Bermés», Fontán, Durán Loriga e Ramón M. Aller.



José Rodríguez González,  
1770-1824

**JOSÉ RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.** Nado o 25 de outubro de 1770 en Bermés, do partido xudicial de Lalín (provincia de Pontevedra), de alí a dezasete anos é colexial en San Xerome de Compostela e, tres anos despois, bacharel en Filosofía.

Por oposición, acada a cátedra de Matemáticas da Universidade de Santiago en 1802. En 1803, trasládase a París e acompaña a Biot na triangulación da costa oriental de España, demostrando gran pericia e coñecementos nos cálculos xeodésicos, que corrobora coa súa comunicación á Real

---

Rey Romero, Uxío de Novoneira [sic], Xohana Torres, Bernardino Graña, Ramón Lorenzo, Alexandro Cribeiro, Patiño, Fernández Ferreiro, Méndez Ferrín, Franco Grande, García Bodaño, Antón Avilés, Cambre Mariño, López Casanova, Sesto Novas, Alfredo Conde, Luis Diéguez, Rodríguez López, Vázquez Diéguez, Gregorio Fernández, Xesús Rábade, Xoel Cabana, Ledo Andión, Couselo, R. Mourullo, Millán Pardo, Xoán Coral, Mario Orjales, Beiras Torrado, Balañas, Alonso Montero e tantos outros.

Sociedade de Londres (4 de xuño de 1812), de especial interese<sup>45</sup>. En 1814, trasládase a Alemaña e escribe con algunha frecuencia cartas á Universidade de Santiago, dando conta da organización científica das universidades alemás, do funcionamento das bibliotecas ou dos plans de estudos. Tamén se ocupa de enviar algúns aparellos científicos, coma os solicitados por Fontán.

En París cursa estudos de botánica e máis tarde é profesor de Astronomía e director do Observatorio Astronómico de Madrid. Alexandre II de Rusia convidouno a San Petersburgo para dirixir o seu Observatorio Astronómico, convite que declinou. Faleceu en 1824. A Universidade de Santiago dedicoulle unha aclamación.

Era liberal e constitucional convencido, e sentiuse sempre vencellado a Galicia. Cando en 1819 vai a Madrid a tomar posesión da cátedra de Astronomía escribe: «Parece que aquí se estableceron moitos paisanos homes de mérito e que se fan estimar polos seus principios de honradez e dignidade; isto dáme a máis grande satisfacción, pois os meus ardentes desexos son os da nosa Provincia e en especial que os descendentes da raíña Lupa se fagan respectar e que non os confundan con augadeiros ou con mozos de cordel». Noutra carta di: «Somos todos do Deza e non hai máis remedio senón facer uns polos outros canto nos sexa posible».

Foi enterrado na igrexa de Santo Agostiño, aquí en Santiago, pero ignórase o lugar onde se encontran os seus restos.


Outro insigne astrónomo, que foi tamén director do Observatorio Astronómico de Madrid, é **DOMINGO FONTÁN**, quen nace en Porta do Conde, parroquia de Santa María de Portas (Cuntis, Pontevedra) o 17 de abril de 1788 e falece en Santiago o 24 de outubro de 1836<sup>46</sup>. Foi discípulo

---

<sup>45</sup> O título da comunicación é «Observations on the measurement of three degrees of the Meridian, conducted in England by Lieutenant Colonel Willian Mudge», London, 1812.

<sup>46</sup> Véxase Francisco Lanza Álvarez: *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires, Edicións Galicia do CG de Buenos Aires, 1953.





Domingo Fontán Rodríguez,  
1788-1866

de Rodríguez na Universidade de Santiago, onde se doutorou en Filosofía e Teoloxía, e por oposición obtén a cátedra de Matemáticas sublimes. En 1823, foi suspendido do ensino por significarse como progresista e aceptar a secretaría da Xunta Provincial da Coruña. Foi repostado na cátedra en 1826 e pasa a ser director do Observatorio Astronómico de Madrid, cargo en que consegue sinalados éxitos polo seu sentido da organización e polas súas acertadas iniciativas. En 1835, recibe a encarga de organizar o Corpo de Enxeñeiros de Camiños, Canais, Minas e Montes.

Ao se crear a Escola Especial de Enxeñeiros Xeógrafos foi nomeado director e, de alí a pouco, foi designado para integrar a comisión encargada de propor un sistema xeral de pesos e medidas.

Sentía paixón pola política e representou no Congreso varios distritos galegos. En 1830, ao ser excluído dunha candidatura, publicou un manifesto en que di: «Honrado co cargo de deputado da Nación, primeira, segunda e terceira vez, polo favor dos meus compatriotas e sen solicitude nin pretensión miña, podo dicir en alta voz e coa fronte ergueita que non mediei nin pedín emprego para min nin para ninguén». De 1817 a 1820, percorre Galicia dunha punta á outra para facer os estudos preliminares dunha *Carta xeométrica de Galicia* que concluíría 17 anos máis tarde. O gravado da Carta fíxose en doce pedras litográficas nos obradoiros que L. Bouffard tiña en París, a onde se trasladou o autor para dirixir persoalmente tan delicada tarefa. Neste mapa sinala a situación de máis de catro mil igrexas galegas<sup>47</sup>.

<sup>47</sup> Juan López Molina: «Don Domingo Fontán Rodríguez, geógrafo y matemático gallego», *Finisterre. Revista de Galicia*, 1945.

Alén das súas actividades científicas, tivo outras de carácter práctico, coma a de crear en Lousame, preto de Noia, unha fábrica de papel, a primeira que houbo na rexión, e a que dotou de todos os perfeccionamentos posibles. Nela elaborouse papel selado, en virtude de contrato co Estado.

A súa obra científica, a súa forte personalidade, os seus colaboradores, as súas viaxes a través de toda Galicia, influíron favorablemente no renacemento cultural e científico desta rexión. Preocúpase polos problemas rexionais e escribe un estudo sobre a emigración galega. Adiviña así, hai cento corenta anos, o problema que corroe a Galicia e que aínda está presente e que é, en parte, consecuencia da nosa perda de personalidade nos séculos anteriores.



Juan Jacobo Durán Loriga,  
1854-1911

**JUAN JACOBO DURÁN LORIGA** naceu e morreu na Coruña (1854-1911). Pertenceu ao corpo de Artillaría, do que se retirou co grao de comandante, tras o que se dedicou á ensinanza particular das matemáticas. Colaborou en moitas revistas prestixiosas estranxeiras tales como *Comptes rendus de l'Association Française pour l'Avenir des Sciences*, *Mathesis*, *Recueil Mathématique*, *Archiv der Mathematik und Physik*, *Jornal de Ciencias Mathematicas e Astronomicas* e en varias españolas. Todos os seus traballos están asinados na Coruña. Sostivo unha longa correspondencia con matemáticos famosos e é, sen dúbida, un

dos matemáticos españois máis destacados de finais de século. Conseguiu formar unha biblioteca de obras matemáticas moi completa e de grande interese. Os seus fillos tiveron a xentileza de ceder en depósito esta biblioteca á Universidade de Santiago e teño a honra de que esta instalada no departamento que dirixo.

É de esperar que ao se configurar a Sección Matemática como unha facultade, de acordo coa nova organización aprobada para as facultades de Ciencias, se organice adecuadamente a biblioteca da Sección Matemática cuxo núcleo será, sen dúbida, o depósito valioso da Biblioteca Durán Loriga. Na actualidade, un dos seus netos, D. Juan Durán Loriga, embaixador de España en Xordania, prepara unha biografía do seu avó.



Ramón María Aller Ulloa, por  
Eulogia Merle, 1878-1966

Por último, nesta breve nota sobre algúns matemáticos prestixiosos galegos xa desaparecidos, voume referir, con fonda emoción, a **D. RAMÓN M. ALLER ULLOA**, mestre de astrónomos e matemáticos. O seu eco aínda perdura, porque logrou conseguir a maior gloria que pode acadar un mestre: ter discípulos que continúen a súa obra.

Os discípulos de D. Ramón M. Aller ocupan os postos máis destacados dentro dos estudos astronómicos españois. D. Rafael Cid Palacios, natural de Vigo, formouse no Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago e é catedrático da Universidade de Zaragoza, onde está a crear unha prestixiosa escola en que se está a elaborar, neste momento, o maior número de teses de doutoramento en Astronomía de toda España. Outro dos discípulos de D. Ramón Aller é D. José Pensado Iglesias, natural de Santiago, actual director do Observatorio Astronómico de Madrid. Non deixa de ser interesante observar que, en pouco máis de cen anos, Galicia dá tres directores do Observatorio de Madrid. Como insistín ao longo deste discurso, os galegos teñen unhas condicións excepcionais para as ciencias, e o modesto Observatorio Astronómico creado por D. Ramón Aller é o mellor argumento para demostralo. Non só porque o seu labor persoal sexa

fabuloso<sup>48</sup>, como pon de manifesto o dato de que publicou dezaseis traballos nunha das máis prestixiosas revistas do mundo, *Astronomische Nachrichten* de Berlín, senón que ademais logra formar escola e os seus discípulos son, como xa indicamos, catedráticos ou directores de observatorios coma o de Madrid ou profesores de Astronomía na Universidade de Madrid, coma a Srta. Antonia Ferrín Moreiras, ou na de Santiago ou no Observatorio, coma os Sres. Cons e Costa. Parece que o Estado, Galicia e a Universidade deberan atender a conservar ese rebento e tratar de continuar o labor de D. Ramón Aller, sostendo o Observatorio Astronómico da Universidade. E non só por afecto á obra do profesor Aller, senón por patriotismo e por amor á ciencia. Rodríguez e Fontán chegan a directores do Observatorio Astronómico de Madrid polo seu esforzo persoal, pero o pequeno observatorio da Universidade é algo distinto: é unha escola que adestra e instrúe sistematicamente e que representa un centro de formación de astrónomos cuxo labor é admirable. Aquí elaboráronse seis teses de doutoramento en Astronomía: Aller, Vidal, Cid, Zaera, Ferrín e Mujica (a deste último foi presentada en Múnic, Alemaña).

Sabemos da preocupación das autoridades por continuar este labor e mesmo por tratar de ampliar o Observatorio para lle dar maior importancia. Con todo, hai uns meses, e con carácter provisional, desdotouse a cátedra de Astronomía da Facultade de Ciencias para dotar unha de Análise Matemática. Non sobran na Universidade de Santiago, nin en Galicia nin en España, centros científicos de carácter experimental para desentenderse dun centro cunha tradición científica tan ilustre.

Confiemos en que axiña se lle dea ao Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago vida nova e que os homes que rexen os destinos de España recoñezan como esta rexión, habitada por xente reflexiva e con vontade de ferro, goza de intelectos con condicións excepcionais para a ciencia, cuxo desenvolvemento e importancia tanto valor adquiriron no mundo moderno.

---

<sup>48</sup> No apéndice IV ofrecemos o seu curriculum vitae.

A investigación científica é hoxe o alicerce imprescindible para alcanzarmos a industrialización e mellorarmos a nosa economía, de aí que a Universidade de Santiago, a nosa querida e entrañable Universidade, nestes momentos difíciles, reforzase o seu labor esencial como impresora do saber, nas súas dúas vertentes, cultural e científica. Cómpre que os universitarios tomemos consciencia do seu papel fundamental para labrar o futuro de Galicia.

Moitas grazas.



Enrique Vidal Abascal no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela,  
contra 1955, ano no que accedeu á Cátedra  
Arquivo da familia Vidal Abascal

## BIBLIOGRAFÍA

- Aller Ulloa, Ramón María: «Don José Rodríguez González o matemático de Bermés». *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, vol. III, 1929.
- Cueto, Ramón del: «Galicia minera. Tres gallegos ilustres», *La correspondencia gallega*, Pontevedra. 9 de xuño de 1913.
- «Un olvido remediable. ¿Por qué no se reproduce el mapa de Fontán?», *La correspondencia gallega*, Pontevedra. 5 de agosto de 1922.
- Díaz-Fierros Viqueira, Francisco: «Comenzos da ciencia moderna na universidade compostelana» *Compostellanum*, 16 (1971), 1-4 (núm. extra dedicado ao II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos).
- E.V. (Enrique Vidal) [sic]: «D. Ramón María Aller Ulloa». *Gaceta Matemática*, 1.<sup>a</sup> serie. Tomo XVIII (1966), páxs. 5-6, 1966.
- El Eco de Galicia* (xornal) [sic].
- El Ideal Gallego*: «Homenaje a un catedrático de Santiago», 25 de xullo de 1922.
- Enciclopedia Espasa* (anterior a Aller) [sic].
- Fernández Alonso, Benito: «Discurso de D. Benito Fernández Alonso en contestación al que para su recepción como académico de número tenía dispuesto el finado D. Juan Jacobo Durán Loriga», *BRAG*, ano VII (1912), núm. 57, pp. 225-227<sup>49</sup>.

---

<sup>49</sup> Pode consultarse unha edición dixital de ambos os dous discursos en <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/324/325/1044-1> [N. do E.].



- Fernández Villamil, Enrique: *Pontevedra, ¿historia reciente del nacimiento de una capitalidad?*, Pontevedra, Imprenta Paredes, 1946.
- Gil de Zárate, Antonio: «Noticia histórica del Observatorio de Madrid». *Anuario del Real Observatorio de Madrid para el año 1860*. Madrid, 1859, páx.XI.
- Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento»-CSIC: «D. Domingo Fontán y su mapa de Galicia (en el primer centenario de su publicación)». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, anexo I, Santiago de Compostela, 1946.
- Lanza Álvarez, Francisco: *Dos mil nombres gallegos*. Buenos Aires, Edicións Galicia do CG de Buenos Aires, 1953.
- López Medina, Juan. «Domingo Fontán Rodríguez, geógrafo y matemático gallego», *Finisterre*, año III (1945), número 18.
- Millán, José: *Notas históricas sobre varones ilustres de Pontevedra*, Pontevedra, Imprenta de *La Correspondencia Gallega*, 1920, t. I, páxs. 303 e seguintes.
- Pérez Costanti; Pablo: «El matemático Rodríguez en la Universidad de Gotinga, 1817», *La Voz de Galicia*, xaneiro de 1915.
- Portela Pérez, Francisco: «En honor del gran geógrafo D. Domingo Fontán Rodríguez». *Faro de Vigo*, 25 de setembro de 1924.
- «Justo homenaje a Don Domingo Fontán». *Faro de Vigo*, 30 de maio de 1925.
- «Don Domingo Fontán Rodríguez». *Faro de Vigo*, 11 de xuño de 1929.
- Rodríguez Carracido, José: «Estudios histórico-críticos de la ciencia española». Madrid, Imprenta de Alrededor del Mundo, 1917, páxs. 267-278.
- Ovilo y Otero, Manuel: *Hijos ilustres de la Universidad de Santiago*. Santiago, Imprenta de *La Gaceta de Galicia*, 1880<sup>50</sup>.

---


<sup>50</sup> Reprodución dixital do orixinal en no repositorio Minerva: <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/15102> [N. do E. ]

Un entusiasta: «La carta geográfica del sabio Domingo Fontán». *Faro de Vigo*, 20 de setembro de 1924.

Verea y Aguiar, José: *Historia de Galicia*, Ferrol, 1838, páxs. 121-122.



## APÉNDICES





Enrique Vidal Abascal nos anos corenta, sendo director do Instituto de Pontevedra  
Arquivo da familia Vidal Abascal

## APÉNDICE I

Relación estadística do número de alumnos na Sección Matemática e de teses de doutoramento en Matemáticas lidas desde 1969 en varias universidades

|           | Número de alumnos<br>de 2.º a 5.º curso 1972-73 | Teses de doutoramento<br>desde 1969 a maio de 1973 |
|-----------|---|--|
| Madrid    | 1100  | 12   |
| Barcelona | 493   | 10   |
| Zaragoza  | 366   | 10   |
| Santiago  | 530   | 12   |

## APÉNDICE II

### PUBLICACIONES DO DEPARTAMENTO DE GEOMETRÍA E TOPOLOXÍA

- P. Dedecker: *Conferencias sobre Geometría diferencial y topología algebraica* (1959).
- G. de Rham: *Sobre las integrales múltiples*. (Tradución de M. Mariño). *Primer Coloquio de Geometría diferencial* (1963). Primeiro Coloquio Internacional de Matemáticas acollido en España.
